

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 10 DE XUÑO DO 2013.**

=====

No Concello de Cangas, cando son as vinte horas e dez minutos do día dez de xuño do dous mil trece, previa convocatoria, reúnense os/as seguintes concelleiros/as: D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D<sup>a</sup> Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lucía Ledo Fernández, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS EN DATAS 27 DE MAIO E 3DE XUÑO DO 2013.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada en data 27 de maio do 2013.

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local acordou deixar pendente de aprobación a acta da sesión realizada en data 3 de xuño do 2013.

## **URBANISMO E VIVENDA**

### **2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 6 DE XUÑO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.**

#### **2.A) APROBA-LOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorga-las seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, ás condicións particulares e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de se-lo caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o técnico aparelador municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se amparan, nas seguintes fases da obra:

- a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.
- b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.
- c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedi-lo tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará tódalas medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do RDL 1/92 do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmóbeis e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufraga-los gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comeza-la construción a que fai referencia esta licenza, o promotor das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpia-las rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en

épocas de choiva, co obxecto de evita-la perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

**EXPEDIENTE Nº 23.559.- LICENZA MUNICIPAL Nº 22.726.-** A Jesús Freire Rodríguez, con enderezo en Camiño do Requeixo, nº 37-Castiñeira-Ventosela-Redondela, para levar a cabo obras de demolición, solicitadas o 8 de xaneiro do 2013, para restaurar a legalidade urbanística (expte. nº 49/2012), consistentes na demolición parcial do balcón saliente na Rúa Manuel Graña e polo tanto levantar o precinto decretado mediante resolución da Alcaldía de 12 de decembro do 2012.

Deberá avisar ó remate da demolición para, previa inspección municipal, ver se procede archivar o referido expediente de restauración, sen prexuízo da incoación do correspondente expediente sancionador.

#### 2.A.2) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

**EXPEDIENTE S/N.-** A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, con enderezo en Rúa Fernández Ladreda, nº 43-1º-Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por Manuel Piñeiro Costas, Ref. Expte. A-P0-2013/93Q, para instalación de quiosco de tempada en Mexilloeirias-Viñó-O Hío:

*"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas:*

- *Clasificación urbanística do solo: solo rústico.*
- *Cualificación urbanística do solo: solo non urbanizable de protección de Costas e solo non urbanizable de protección de espazos naturais.*
- *Os usos permitdos son os regulados pola lexislación sectorial de Costas para a servidume de protección do dominio público marítimo terrestre."*

**EXPEDIENTE S/N.-** A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, con enderezo en Rúa Fernández Ladreda, nº 43-1º-Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por

Angela Virginia Portela Hermelo, Ref. Expte. A-PO-2Q13/82Q, para instalación de quiosco de tempada en Liméns-O Hío:

*"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas:*

*- Clasificación urbanística do solo: solo rústico.*

*- Cualificación urbanística do solo: solo non urbanizable de protección de Costas e solo non urbanizable de protección de espazos naturais.*

*Os usos permitdos son os regulados pola lexislación sectorial de Costas para a servidume de protección do dominio público marítimo terrestre."*

**EXPEDIENTE S/N.-** A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, con enderezo en Rúa Fernández Ladreda, nº 43-1º-Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por Diego Ruiz Macey, Ref. Expte. A-P0-2013/95Q, para instalación de quiosco de tempada en Areacova-Aldán:

*"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas:*

*- Clasificación urbanística do solo: solo rústico.*

*- Cualificación urbanística do solo: solo non urbanizable de protección de Costas.*

*- Os usos permitdos son os regulados pola lexislación sectorial de Costas para a servidume de protección do dominio público marítimo terrestre."*

**EXPEDIENTE S/N.-** A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, con enderezo en Rúa Fernández Ladreda, nº 43-1º-Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por Iria Outeiral Otero, Ref. Expte. A-P0-2013/67Q, para instalación de quiosco de tempada en Nerga-O Hío:

*"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7*

*de outubro de 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas:*

*- Clasificación urbanística do solo: solo rústico.*

*- Cualificación urbanística do solo: solo non urbanizable de protección de Costas.*

*- Os usos permitdos son os regulados pola lexislación sectorial de Costas para a servidume de protección do dominio público marítimo terrestre."*

**EXPEDIENTE S/N.-** A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, con enderezo en Rúa Fernández Ladreda, nº 43-1º-Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por Francisco Javier Figueirido Perez, Ref. Expte. A-P0-2013/66Q, para instalación de quiosco de tempada en Menduíña-Aldán:

*"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas:*

*- Clasificación urbanísticca do solo: solo rústico.*

*- Cualificación urbanística do solo: solo non urbanizable de protección de Costas.*

*Os usos permitdos son os regulados pola lexislación sectorial de Costas para a servidume de protección do dominio público marítimo terrestre."*

**EXPEDIENTE S/N.-** A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, con enderezo en Rúa Fernández Ladreda, nº 43-1º-Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por Adrián Portas Monteagudo, Ref. Expte. A-P0-2013/62Q, para instalación de quiosco de tempada na Cachopa-Castiñeiras-O Hío:

*"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas:*

*- Clasificación urbanística do solo: solo rústico.*

*- Cualificación urbanística do solo.: solo non urbanizable de protección de Costas.*

- Os usos permitdos son os regulados pola lexislación sectorial de Costas para a servidume de protección do dominio público marítimo terrestre."

**EXPEDIENTE S/N.-** A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, con enderezo en Rúa Fernández Ladreda, nº 43-1º-Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por Myrian Fernández Cordeiro, Ref. Expte. A-PO-2013/92Q, para instalación de quiosco de tempada en Praia de Barra-O Hío:

"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas:

- Clasificación urbanística do solo: solo rústico.
- Cualificación urbanística do solo: solo non urbanizable de protección de Costas e solo non urbanizable de protección de espazos naturais.

Os usos permitdos son os regulados pola lexislación sectorial de Costas para a servidume de protección do dominio público marítimo terrestre".

**EXPEDIENTE S/N.-** A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, con enderezo en Rúa Fernández Ladreda, nº 43-1º-Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por Rafael Molanes Pena, Ref. Expte. A-PO-2013/70Q, para instalación de quiosco de tempada en Ameles-O Hío:

*"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas:*

- Clasificación urbanística do solo: solo rústico.*
- Cualificación urbanística do solo: solo non urbanizable de protección de Costas.*

*Os usos permitdos son os regulados pola lexislación sectorial de Costas para a servidume de protección do dominio público marítimo terrestre."*

#### 2.A.4) PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

\*\*\*

**EXPEDIENTE N° 24.589.-** Solicitud promovida por Carlos Rafael Bautista Cordero, con enderezo en Estrada a Couso, nº 185-Vilanova-O Hío. Visto o expediente de solicitud de licenza de segregación e simultánea agregación en unidade de acto dun predio de 67,00 m2., na que, ocupando casi toda a súa superficie, existe un edificio destinado a tonelería da antiga fábrica de salazón de peixe en Punta Couso, dedicada a vivenda (ref. Catastral A50618500NG18C0001TE) para agregala a outra colindante de 6.654 m2. Esta segregación e posterior agrupación, materializouse en escritura pública formalizada perante o notario Juan López Duran en data 29 de novembro de 1.996 (nº de protocolo 3.056). As fincas están clasificadas como solo non urbanizable de protección de costas e de espacios naturais, cunha cabida a primeira, segundo figura na escritura de 67,00 m2, que linda polo oeste e norte; finca propiedade de Carlos Rafael Bautista Cordero, finca rexistral 13.608 do Rexistro da Propiedade 1, sur peirado da finca propiedade do solicitante, sito en zona marítimo terrestre e Este zona marítimo terrestre, segundo escritura 3.056 do 29 de novembro de 1.996, de segregación compravenda e agregación á finca rexistral nº 13.608 do Rexistro da Propiedade nº 1 Pontevedra, fomalizada perante o Notario Juan López Duran.

A porción de finca que se segrega para a súa posterior agrupación forma parte da finca matriz sita en Couso, de 3.900 m2 descrita na escritura.

Tendo en conta o informe conxunto emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal e Xefa do Servizo de Urbanismo, con data 30 de abril de 2.013 a Xunta de Goberno Local\*acorda conceder licenza municipal da segregación e simultanea agregación antes referida, tendo en conta o art. 206 da LOUGA.

#### 2.A.5) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

#### DECLARACIONES DE INCURSION EN FORA DE ORDENACION

EXPEDIENTE 24.167.- O tramitado a instancia de José Maria Dios Alvarez, con enderezo en Alexandre Bóveda 1 portal 5 - Vigo, sobre solicitud de declaración de incursión na situación de fora de ordenación de unha edificación en Limens - Hio, acordase ARQUIVAR o expediente, de conformidade coa resolución da Comisión Superior de Urbanismo de Galiza, da Conselleria de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 21 de maio de 2.013 que se adxunta, por estar situada a edificación n'á zona de servidume de protección de Costas Mariñas, construírse sen a correspondente autorización e licenza municipal e ter instruído o expediente de restauración da legalidade urbansitica 700/1983.

EXPEDIENTE 24.168.- O tramitado a instancia de Juan Pena Bouzón, con enderezo en Cruceiro 59 - Cerdeira - Redondela, sobre solicitud de declaración de incursión na situación de fora de ordenación de unha edificación en Limens - Hio, acordase ARQUIVAR o expediente, de conformidade coa resolución da Comisión Superior de

Urbanismo de Galiza, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 21 de maio de 2.013 que se adxunta, por estar situada a edificación na zona de servidume de protección de Costas Mariñas e construírse sen a correspondente autorización e licenza municipal.

EXPEDIENTE Nº ,24.181.- O tramitado a instancia de Joaquin Ballesteros Jimenez, con enderezo en rúa Coruña 62 - 8o C - Vigo, sobre solicitude de declaración de incursión na situación de fora de ordenación de unha edificación en Santa Marta 65 - Darbo, acordase ARQUIVAR o expediente, de conformidade coa resolución da Comisión Superior de Urbanismo de Galiza, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 23 de maio de 2.013 que se adxunta, por estar situada a edificación na zona de servidume de protección de Costas Mariñas e construírse sen a correspondente autorización e licenza municipal.

EXPEDIENTE Nº 24.186.- O tramitado a instancia de Carlos Vázquez Tizón, con enderezo en Limens 81 - Hio, sobre solicitude de declaración de incursión na situación de fora de ordenación de unha edificación en Limens 81 - Hio, acordase ARQUIVAR o expediente, de conformidade coa resolución da Comisión Superior de Urbanismo de Galiza, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 21 de maio de 2.013 que se adxunta, por estar situada a edificación na zona de servidume de protección de Costas Mariñas, construírse sen a correspondente autorización e licenza municipal e ter instruído o expediente de restauración da legalidade urbanística 95/96.

EXPEDIENTE 24.189.- O tramitado a instancia de Tomas Justo Perez, con enderezo en Martin Echegaray 6 - 3o C - Vigo, sobre solicitude de declaración de incursión na situación de fora de ordenación de unha edificación en Limens - Hio, acordase ARQUIVAR o expediente, de conformidade coa resolución da Comisión Superior de Urbanismo de Galiza, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 21 de maio de 2.013 que se adxunta, por estar situada a edificación na zona de servidume de protección de Costas Mariñas, construírse sen a correspondente autorización e licenza municipal e ter instruído o expediente de restauración da legalidade urbanística 60/1991.

EXPEDIENTE Nº 24.196.- O tramitado a instancia de Ezequiel Martinez Santos, con enderezo en Camiño de Viñó 45 - Hio, sobre solicitude de declaración de incursión na situación de fora de ordenación de unha edificación destinada a bar en Camiño de Viñó 43 - Hio, acordase ARQUIVAR o expediente, de conformidade coa resolución da Comisión Superior de Urbanismo de Galiza, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 23 de maio de 2.013 que se adxunta, por estar situada a edificación na zona de servidume de protección de Costas Mariñas e afectada igualmente pola servidume de tránsito e construírse sen a correspondente autorización e licenza municipal.



EXPEDIENTE S/Nº O tramitado a instancia de Candido Granada Otero, con enderezo en Eugenio Kraft 13 - 5o A - Vigo, sobre solicitude de declaración de incursión na situación de fora de ordenación de unha edificación en Viñó 44 Hio, acordase ARQUIVAR o expediente, de conformidade coa resolución da Comisión Superior de Urbanismo de Galiza, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 21 de maio de 2.013 que se adxunta, por estar situada a edificación na zona de servidume de protección de Costas Mariñas, construírse sen a correspondente autorización e licenza municipal e ter instruído o expediente de restauración da legalidade urbanística 214/92.

EXPEDIENTE S/Nº .- O tramitado a instancia de Antonio Fontenla Gómez, con enderezo en Limens 90 - Hioo, sobre solicitude de declaración de incursión na situación de fora de ordenación de unha edificación no referido lugar, acordase ARQUIVAR o expediente, de conformidade coa resolución da Comisión Superior de Urbanismo de Galiza, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 21 de maio de 2.013 que se adxunta, por estar situada a edificación na zona de servidume de protección de Costas Mariñas, e construírse sen a correspondente autorización e licenza municipal.

#### 2.A.6) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

\*\*\*

#### 2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorga-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicita-lo interesado/a que se leve a cabo esta antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.582.- A Jesús Pórtela Pena, con enderezo en Real 69 - Cangas, para no referido lugar, instalar 12,00 metros de canalóns, de conformidade coa documentación presentada.

## **SANIDADE,SERVIZOS SOCIAIS E MULLER**

### **3º.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA NO SERVIZO DE ALOXAMENTO POR EMERXENCIA SOCIAL.**

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, de data 7.6.13, relativa ao Servizo Municipal de Aloxamento Temporal por situacións de emerxencia social, que di:

*"En relación ó Servizo Municipal de Aloxamento Temporal por situacións de emerxencia social (SAT), achégase proposta correspondente para CONCEDERLLE A Dña. Encarnación S.C., a prórroga da cesión do Servizo de Aloxamento Temporal con expediente nº 35.298.842-Y."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

## **SUBVENCIONS**

### **4º.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA S/CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES, ACTUACIÓNS OU MEDIDAS DE CONCELLOS INCLUÍDOS NA REDE NATURA-2000.**

Dase conta de escrito de data 20.5.13 (R.E. nº 6542 do 30.5.13), da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, no que comunican que para a realización de actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000, e a súa convocatoria para os anos 2012, 2013 e 2014, se concede a seguinte subvención para a seguinte actuación: "SINALIZACIÓN DE ROTEIROS EN CABO HOME", co desglose que figura a continuación:

<b>IMPORTE TOTAL DA SUBVENCIÓN: 19.987,50 €</b>	<b>PRAZO DE FINALIZACIÓN DE TRABALLOS TRANSFERENCIAS BANCARIAS</b>	<b>DATA LÍMITE REMISIÓN DE DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA</b>
IMPORTE ANUALIDADE 2013: 10.993,13 €	15 DE SETEMBRO 2013	30 DE SETEMBRO 2013
IMPORTE ANUALIDADE 2014: 8.994,37 €	15 DE SETEMBRO 2014	30 DE SETEMBRO 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aceptar a concesión de subvención pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza, para a actuación "SINALIZACIÓN DE ROTEIROS EN CABO HOME".

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral de Conservación da Natureza, así como, ós departamentos de Subvencións, Intervención e Oficina Técnica Municipal.

### **CONTRATACIÓN**

#### **5º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE MANTEMENTO DE ASCENSORES INSTALADOS EN DEPENDENCIAS MUNICIPAIS.**

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 5.6.13, referente a adxudicación do contrato de servizo de mantemento de ascensores instalados en dependencias municipais, que é como segue:

#### *"PROPOSTA DE ACORDO RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE MANTEMENTO DE ASCENSORES INSTALADOS EN DEPENDENCIAS MUNICIPAIS*

*Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de servizo de mantemento de ascensores instalados en distintas dependencias municipais do Concello de Cangas.*

*Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación, órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'ORONA SOCIEDAD COOPERATIVA', por resultar esta a oferta economicamente mais vantaxosa das achegadas.*

*Visto que esta empresa achegou en tempo e forma a documentación que se lle requiriu relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de ter pagado os gastos que lle corresponden do anuncio de licitación, e que así mesmo constituíu garantía definitiva en forma de aval de entidade financeira.*

*Visto por Resolución da Alcaldía de data 16.06.2011 se delegou na Xunta de Goberno Local as competencias en materia de contratación, a Xunta de Goberno Local ACORDA:*

*Primeiro.- Adxudicar á empresa 'ORONA SOCIEDAD COOPERATIVA', con CIF nº F20025318, o contrato de servizo de mantemento de ascensores instalados en distintas dependencias municipais do Concello de Cangas, polo importe anual de DEZ MIL CENTO TRINTA E NOVE CON DEZANOVE (10.139,19) EUROS, IVE incluído (21%), cunha duración de 2 anos prorrogable por outros dous, todo iso de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexeron esta contratación.*

*Segundo.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes do vixente orzamento de gastos.*

*Terceiro.- Notificar a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.*

*Cuarto.- Notificar a 'ORONA SOCIEDAD COOPERATIVA', con CIF nº F20025318, a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura do contrato.*

*Quinto.- Publicar a formalización deste contrato no perfil do contratante do órgano de contratación*

*Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da LCSP, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a adxudicación do contrato de servizo de mantemento de ascensores instalados en dependencias municipais.

## **EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO**

### **6º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE CULTURA S/ACTIVIDADES DA LUDOTECA DEPORTIVA DE VERÁN.**

Vista a proposta de data 4.6.13 do concelleiro delegado de Cultura, referente a realización da "X LUDOTECA DEPORTIVA DE VERÁN", que di o seguinte:

*"PROPOSTA PARA REALIZACIÓN DA 'X LUDOTECA DEPORTIVA DE VERAN'.*

*D. José Luis Gestido Porto, Presidente-Delegado da Fundación Cangas Deporte, propón á Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte proposta:*

*Desde este organismo, vense apostando pola promoción da actividade deportiva entre os mais cativos. Entendendo que esta debe cumprir unha dobre función social: tanto educativa coma recreativa, tense presente no desenvolvemento da actividade proposta, e conta coas seguintes características :*

*1.- A LUDOTECA DEPORTIVA DE VERÁN, abarcará desde o luns 1 de xullo ata o venres 30 de agosto, deste ano 2013.*

*2.- A actividade está dirixida a nenos/as que están cursando educación infantil ou primaria (3-12 anos).*

*3.- Os centros escolares onde se impartirá a actividade serán: Nazaret, San Roque, O Hío e Espiñeira (Aldán).*

*4.- As clases serán de catro horas diarias, dous días á semana e en horario de mañá (09.30/13.30 h).*

*5.- Realizarase unha pre-inscrición (reserva) na Fundación Cangas Deporte.*

*6.- Para a formalización dos grupos deberá contar cun mínimo de 10 nenos/as.*

*7.- Con base no acordo plenario do 23 de novembro do 2011, aprobose a Ordenanza reguladora de prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo concello, e tendo en*

*conta o seu artigo 4º punto 1, di que o establecemento da contía do prezo público será o que fixe en cada caso a Xunta de Goberno Local, e que, así mesmo, no seu punto 4 di que con motivo de fomentar a participación de determinados colectivos, a Xunta de Goberno Local, poderá establecer prezos por debaixo do custe do servizo.*

*Polo que propoño que o prezo que se estableza para poder participar na actividade sexa de 50,00 €, a aboar en 1 ou 2 prazos.*

*- 1 prazo: 50 € (a aboar nos 5 primeiros días de xullo).*

*- 2 prazos: 25 € (a aboar nos 5 primeiros días dos meses de xullo e agosto).*

*8.- Os gastos totais orixinados pola actividade ascenden a un total de 7.500,00 €, e autofinanciaranse nun 100% a través do aboamento das cotas establecidas."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Que pola interventora se elabore a memoria económico-financeira que xustifique o importe do prezo público a establecer e o grao de cobertura financeira dos custos.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ó departamento de Intervención e á Fundación Cangas Deporte.

## **7º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE XUVENTUDE S/APROBACIÓN DE ORZAMENTO PARA O PROGRAMA "CAMPAMENTOS DE VERÁN-2013".**

Vista a proposta de data 6.6.13 do concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, referente a aprobación de orzamento para a realización do programa "CAMPAMENTOS DE VERÁN-2013", que di o seguinte:

### "PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

*D. José Luis Gestido Porto, Concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado do Concello de Cangas*

*INFORMA á Xunta de Goberno Local, do orzamento derivado da organización dos Campamentos de Verán 2013 para que se proceda a aprobación do gasto.*

### CAMPAMENTOS DE DÍA:

*Lugar: Colexio da Retirosa, do 1 de xullo ó 30 de agosto.*

### PREZOS:

<i>Opción 1</i>	<i>Días soltos</i>	<i>5 € ó día</i>
<i>Opción 2</i>	<i>Semana</i>	<i>25 € semana</i>
<i>Opción 3</i>	<i>Mes</i>	<i>100 € ó mes</i>

*Aportación do concello: 250,00 € Actividades extras do campamento.*

### CAMPAMENTO EXTERIOR:

<b>PENEDOS DE XACINTO</b>	<i>MONITORES</i>	<i>2.108,00 €</i>	<i>NIÑOS</i>	<i>5.175,00 €</i>
	<i>AUTOBÚS</i>	<i>900,00 €</i>	<i>(45x115)</i>	
	<i>MATERIAL</i>	<i>200,00 €</i>		
	<i>ALBERGUE</i>			
	<i>P.C.</i>	<i>2.825,00 €</i>	<i>CONCELLO</i>	<i>900,00 €</i>



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta de data 6.6.13 do concelleiro de Cultura, Educación, Patrimonio, Xuventude e Voluntariado, referente a aprobación de orzamento para a realización do programa "CAMPAMENTOS DE VERÁN-2013".

### **8º.- ESCRITO DE JOSÉ COSTA GARCÍA S/AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE SAN CRISTOBO-2013.**

Visto o escrito presentado en data 29.5.13 por JOSÉ COSTA GARCÍA, con enderezo na Pandiña, 118-Moaña, no que solicita autorización municipal para a celebración durante os días 6, 7, 8, 9 e 10 de xullo, das Festas de San Cristobo-2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Denegar a solicitude do Sr. Costa García porque as datas indicadas para as festas solicitadas, coinciden coa feira de FECIMO.

SEGUNDO.- Sinálase, así mesmo, que non achega a documentación necesaria para a tramitación da correspondente autorización, tal como avais, seguros e autorización doutras administracións, Portos de Galicia.

### **MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO**

### **9º.- PROPOSTAS DO CONCELEIRO DE MEDIO AMBIENTE, PRAIAS, MAR E MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO MORRAZO S/CONCESIÓN DE LICENZA DE APERTURA PARA INSTALACIÓN DE QUIOSCO DESMONTABLE EN TERREO PRIVADO, EN ZONA DE SERVIDUME, DURANTE A TEMPADA DE VERÁN-2013.**

#### **9.A) CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓN EN PRAIA DE AREABRAVA-O HÍO.**

Vista a proposta de data 2.6.13 do concelleiro de Medio Ambiente, Praias, Mar e Mancomunidade de Concellos do Morrazo, referente a concesión de licenza de apertura para instalación de quiosco desmontable en terreo privado, en zona de servidume, durante a tempada de verán-2013, que di o seguinte:

*"O concelleiro de Medio Ambiente, Praias, Mar e Mancomunidade de Concellos do Morrazo, Jesús Graña Graña, propón á Xunta De Goberno Local, para a súa aprobación, o seguinte:*

• Primeiro.- *Concesión de licenza de apertura para instalación de quiosco desmontable en terreo privado, en zona de servidume, durante a tempada de verán-2013, autorizado administrativamente pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, cumprindo coas condicións do anexo.*

• Segundo.- *Dar traslado do presente acordo ós interesados e ós departamentos de Intervención, Xestión de Ingresos e Estatística.*

*1.- STEVEN VILLANUEVA PADÍN, con DNI 53117601-K, con enderezo en Donón, 57, O Hío, Cangas, para a instalación dun quiosco de 20,00 m2., no lugar de Praia de Areabrava-O Hío."*

ANEXO

*As licenzas outorgadas estarán sometidas ás seguintes*

### CONDICIÓNS:

*1º.- Previamente á instalación deberase proceder ó pagamento das taxas que por concesión de licenza temporal lle sexan liquidadas pola Intervención Municipal.*

*2º.- O horario de apertura será de 10,00 a 22,00 horas.*

*3º.- Queda prohibida calquera tipo de ambientación musical.*

*4º.- Deberá deposita-lo lixo e desperdicios no colector do lixo máis próximo, debendo habilitar, á súa costa, un colector no caso de que os de propiedade municipal resulten insuficientes. O abandono da limpeza ou aspecto degradado na instalación será causa suficiente para a anulación da autorización.*

*5º.- A autorización outorgada é intransferible.*

*6º.- Queda prohibida a venda ou elaboración de calquera tipo de comidas, podéndose unicamente proceder á venda de bebidas e xelados, non admitíndose tampouco o consumo de comidas aportadas polos usuarios.*

*7º.- Tódalas súas conducións de servizo terán que seren soterradas e o sistema de saneamento garantirá unha eficaz eliminación das augas residuais, así como, a ausencia de malos cheiros. Con este obxecto, as instalacións deberán conectarse á rede xeral de saneamento, se existe, quedando en todo caso prohibidos os sistemas e drenaxe e absorción que poidan afectar á área ou á calidade das augas de baño.*

*8º.- A instalación será desmontada transcorridos quince días (15) desde a súa extinción.*

*9º.- Non se permitirá a construción de obras de fábrica ou outras obras fixas, debendo efectuarse a instalación con materiais desmontables de cor branco, madeira ou similares.*

*10º.- O prazo de vixencia estenderase desde o día 1 de xuño ata o 30 de setembro do 2013.*

*11º.- Disporase do correspondente certificado sanitario e do seguro de accidentes para os/as usuarios/as.*

*12º.- O/A titular e o persoal ás súas ordes deberá exhibir, en calquera momento no que así se solicite, por calquera autoridade competente para iso, a correspondente autorización.*



13º.- Observarase o previsto no RD 2817/83 do 13 de outubro, e na Orde do 31 de marzo de 1976 (BOE do 24 de abril).

**14º.- Advírteselle ó/á interesado/a que no caso de instalación de quiosco sen cumprimentación dos requisitos solicitados, procederase por parte da Policía Local ó levantamento inmediato desta, dando lugar, así mesmo, ás accións legais que o concello estime oportunas."**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente, referente a concesión de licenzas para a instalación de quioscos en terreos privados, en zona de servidume e durante a tempada de verán-2013.

## **SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL**

### **10º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS.**

#### **10.A) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN SOLICITADA NA TRAVESÍA DO Nº 27 DA RÚA DAVID CAL.**

\_\_\_\_Visto o escrito presentado en data 28.5.13 por LUIS GASPAS GONZÁLEZ, con enderezo en rúa David Cal, s/n-O Hío, no que reclama autorización para colocar sinal de prohibido aparcar, agás residentes, en rúa David Cal, núm. 27-O Hío.

Visto, así mesmo, o informe emitido en data 29.5.13 pola Policía Local, que di o seguinte:

*"Nº Rex. 1056/13.*

*ASUNTO: SOBRE SINALIZACIÓN SOLICITADA NA TRAVESÍA DO Nº 27 DA RÚA DAVID CAL.*

*Os Policías Locais de Cangas, con NIP 052006 e 052023, por medio do presente, informan:*

*Que a instancia de LUIS GASPAS GONZÁLEZ, veciño da R/David Cal, s/n, achegáronse na tarde do día 29 de maio do 2013, ata a calexa do nº 27 da rúa David Cal, para informar sobre a conveniencia de colocar un sinal de prohibido estacionar no referido lugar, ante a chegada do verán e os problemas que sofren cando estacionan vehículos indiscriminadamente, orixinado con iso molestias.*

*Que unha vez no lugar e á vista da particularidade dese espazo, fan a seguinte consideración:*

*\* Existe a dúbida de quen é o titular do lugar, público ou privado, xa que foi a cesión dos construtores para a entrada no edificio construído hai uns poucos anos, se ben, segundo o manifesta un veciño dunha vivenda unifamiliar que comparte a entrada para acceder a súa vivenda, os promotores dixéronlle que seguía tendo permiso para poder entrar ou saír a pé ou en vehículos utilizando o vieiro.*

*Se se aclara a titularidade, e esta é municipal, non observan inconveniente en acceder a colocar sinais que prohiban o estacionamento nese lugar como están a solicitar."*

\*\*\* Travesía , núm. 27 Rúa David Cal: requirir licenza 1ª ocupación (Rafa.\*\*\*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Que polo Departamento de Urbanismo se emita informe referente a licenza de primeira ocupación do edificio sito en Travesía núm. 27 Rúa David Cal.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ó interesado e ós departamentos de Urbanismo e Policía Local.

#### 10.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE ACCESO A CAMIÑO PRIVADO.

\_\_\_\_\_ Visto o escrito presentado en data 28.5.13 por ROI CAMPOS FERNÁNDEZ, con enderezo na Avda. de Vigo, nº 14-2º B-Cangas, no que reclama zona de exclusión en zona de acceso a camiño privado.

Visto, así mesmo, o informe emitido en data 28.5.13 pola Policía Local, que di o seguinte:

*"Nº REX: 1034/13.*

*ASUNTO: INFORMANDO SOBRE SOLICITUDE DE ACCESO A CAMIÑO PRIVADO.*

*Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052025 e 052026, por medio do presente, informan:*

*Que vista a solicitude feita por son Roi Campos Fernández, o axente abaixo asinante informa que se trata de un camiño privado que dá acceso a fincas destinadas a actividade agrícola para o autoconsumo.*

*Que non procede o pintado a que o camiño non está habilitado non destinado ao acceso de vehículos."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local, e polo tanto, denegar o pedimento realizado polo Sr. Campos Fernández.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ó interesado e ó departamento de Policía Local.

## **URXENCIAS:**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE BALIZAMENTO DAS PRAIAS DE CANGAS.**

Vista a proposta da Alcaldía referente a adxudicación do contrato de servizo de balizamento das praias de Cangas, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE BALIZAMENTO DAS PRAIAS DE CANGAS.*

*Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de servizo de balizamento das praias do Concello de Cangas.*

*Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación, órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'SERVISUB BUEU, S.L.', con CIF nº B-36562643, por resultar esta a oferta economicamente mais vantaxosa das achegadas.*

*Visto que esta empresa achegou en tempo e forma a documentación que se lle requiriu relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de ter pagado os gastos que lle corresponden do anuncio de licitación, e que así mesmo constituíu garantía definitiva en metálico depositado na tesourería municipal.*

*Visto que por Resolución da Alcaldía de data 16.06.2011 delegáronse na Xunta de Goberno Local as competencias en materia de contratación, a Xunta de Goberno Local ACORDA:*

*Primeiro.- Adxudicar á empresa 'SERVISUB BUEU, S.L.', con CIF nº B-36562643, o contrato de servizo de balizamento de praias polo importe anual de CORENTA E CATRO MIL CENTO CORENTA CON OITENTA (44.140,80) EUROS, IVE incluído (21%), e unha duración de un ano prorrogable por outro, todo iso de acordo coa oferta económica do licitador e o establecido nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexeron esta contratación.*

*Segundo.- Autorizar e dispoñer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 337-22799 do vixente orzamento de gastos.*

*Terceiro.- Notificar a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.*

*Cuarto.- Notificar a 'SERVISUB BUEU, S.L.', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura do contrato.*

*Quinto.- Publicar a formalización deste contrato no perfil do contratante do órgano de contratación.*

*Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da LCSP, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a adxudicación do contrato de servizo de balizamento das praias de Cangas.

## **B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/APROBACIÓN DO PROXECTO DO OBRADOIRO DE EMPREGO "GRANXA DA RÚA V".**

Vista a proposta de data 6.6.13 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a aprobación do proxecto do OBRADOIRO DE EMPREGO "GRANXA DA RÚA V", que di o seguinte:

### **"PROPOSTA**

*En virtude da Orde do 8 de maio do 2013, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2013, considerando de especial importancia a existencia deste que tipo de iniciativas de formación e emprego no municipio,*

*PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

*PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto do OBRADOIRO DE EMPREGO "GRANXA DA RÚA V", de 6 meses de duración, con data máxima de inicio o 1 de setembro de 2013 (art. 4.3 da Orde), coas características e especialidades formativas que a continuación se detallan, así como, a achega por parte do concello dun cofinanciamento destinado a sufragar parte dos materiais de obra e/ou prestación dos servizos (punto terceiro):*

<b>ESPECIALIDADES</b>	<b>CÓDIGO</b>	<b>Nº PARTICIPANTES</b>
<i>DINAMIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE EDUCATIVO INFANTIL E XUVENIL</i>	<i>SSCB0209</i>	<i>12</i>
<i>INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES</i>	<i>AGA00208</i>	<i>13</i>
		<i>TOTAL: 25</i>

*SEGUNDO.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar unha subvención para levar a cabo este proxecto do OBRADOIRO DE EMPREGO "GRANXA DA RÚA V", no que se impartirán as especialidades formativas antes citadas, e nas que se desenvolverán as obras e servizos previstos na memoria formativa para un total de 25 alumnos/as-traballadores/as (contrato para a formación e aprendizaxe).*

*TERCEIRO.- Que unha vez que a Consellería de Traballo e Benestar conceda a devandita subvención, o concello aporte con cargo ós exercicios orzamentarios que correspondan os fondos necesarios para levar a cabo o mencionado proxecto e sufragar os custos non subvencionados, fundamentalmente os materiais necesarios para a execución das obras e/ou a prestación dos servizos previstos, achegando un cofinanciamento municipal que, de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria, poda ser distribuído nos dous exercicios orzamentarios nos que se execute o proxecto."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, transcrita anteriormente, referente a aprobación do proxecto do OBRADOIRO DE EMPREGO "GRANXA DA RÚA V".

### **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as vinte e unha horas e dez minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.